A VILA IMAXINADA

PONTEVEDRA: GROMO DE TEATRO

UNHA ACHEGA DE NEE BARROS

asociación de escritoras escritores en lingua galega
www.aelg.gal

CONCELLO DE PONTEVEDRA

Ver o vídeo

Autor: Nee Barros

Biografía: Nee Barros Fernández naceu en Ourense en 2002, e xa dende pequeno estivo profundamente namorado de Castelao (seica por iso se lle quedou pegado nos lentes e no nome). Di que lle gusta escribir teatro, relatos, poesía, tocar música, cantar, facer curtametraxes, fotografías, queixarse... Pero en verdade o que non lle gusta é parar quieto. Ou aburrirse, iso si que non o soporta. Poderás topalo polas redes facendo balbordo como @neeumatiko, ou dando clases de galego, ou facendo chistes malos (quen sabe).

PONTEVEDRA: GROMO DE TEATRO

Benvidas, benvidos, benvides a esta peculiar adaptación do roteiro literario "Pontevedra, gromo de teatro". Hoxe imos aprender como Pontevedra é unha cidade ben máis teatreira do que sempre cremos, e como non podía ser doutro xeito, comezaremos o noso percorrido no Teatro Principal. Como xa dixemos, isto estaba pensado como un roteiro, como un paseo pola cidade no que percorreríamos diferentes lugares, conversariamos, respirariamos aire fresco, ririamos.... Mais por culpa da COVID-19 teremos que facelo deste xeito, aínda que iso non quita que despois, grazas ao Google Maps ou pola vosa conta, visitedes aqueles sitios que mencione. Agardo que vos resulte entretido este pequeno texto e o vídeo que o acompaña.

Volvamos co que estabamos, Pontevedra e o teatro; concretamente o Teatro Principal. Foi este edificio sempre un teatro? Se estivésemos a finais do século XIII, o que aquí veriamos sería unha obra. Unha construción cos seus obreiros, aos que poderiamos preguntar que fan. Eles responderían que traballan construíndo a igrexa parroquial de "San Bartolomé el Viejo". Entre pedra e pedra a cidade vive en carne propia a creación de pezas da lírica medieval galego-portuguesa, que xa está a chegar ao seu final como movemento literario. Os trobadores, xograres, as soldadeiras... compoñen e participan en cantigas para representar en festas, cantando, danzando. O enormemente coñecido Meendinho escribe nesta época unha composición na que aparece a Illa de San Simón, da ría de Vigo, moi preto de Pontevedra:

Sedia-m'eu na ermida de San Simión
e cercaron-mi as ondas, que grandes son.
Eu atendend'o meu amigo. E verrá?

Estando na ermida ant'o altar,
cercaron-mi as ondas grandes do mar.
Eu atendend'o meu amigo. E verrá?

E cercaron-mi as ondas, que grandes son:
non hei i barqueiro, nen remador.
Eu atendend'o meu amigo. E verrá?

E cercaron-mi as ondas do alto mar:
non hei i barqueiro, nen sei remar.
Eu atendend'o meu amigo. E verrá?

Non hei i barqueiro, nen remador:
morrerei eu fremosa no mar maior.
Eu atendend'o meu amigo. E verrá?

Non hei i barqueiro, nen sei remar:
morrerei fremosa no alto mar.
Eu atendend'o meu amigo. E verrá?

Como xa viaxamos no tempo, o seguinte que non será moi complicado. Imos poñer a velocidade a cámara rápida ata o século XVIII. Así veremos como a igrexa vai converténdose en ruínas, ata que o rei dispón o seu traslado para a construción de casas no seu lugar, provocando o enfado do pobo. No século XIX xa non estará no lugar que hoxe ocupa o teatro, deixando tras de si un solar baleiro que funcionará como praza (a praza de Tetuán).

Xa en 1864 comeza a edificarse o teatro case tal e como o coñecemos, mais como parte dun edificio para a Sociedade do Liceo Casino (o que hoxe é a fachada do teatro antes empregábase para carga e descarga do escenario, para que as compañías introducisen o vestiario, a escenografía e todo o necesario para a representación das obras).

En 1900 acollería a primeira proxección cinematográfica na historia de Pontevedra, chegando a funcionar como sala de cine. En 1980 incéndiase, e en 1984 comezan os proxectos de reconstrución ata xaneiro de 1987, cando se inaugurará definitivamente coas súas características actuais.

Mais, cales eran as obras que se representaban neste teatro? E había xente de Pontevedra que chegou a escenificar algunha obra que aínda coñecemos hoxe en día? É algo que descubriremos neste roteiro... se decidides acompañarme.

XOÁN MANUEL PINTOS

(Desde antes da ponte do Burgo, observamos ao fondo a Rúa Xoán Manuel Pintos e a zona do Burgo onde naceu, isto pode verse a través do Google Maps).

Na primeira metade do século XIX, cando o teatro estaba derrubado, naceu en Pontevedra (no barrio do Burgo) un autor chamado Xoán Manuel Pintos. A comezos deste século, Galiza atravesara unha etapa de mellora e crecemento, pasando do Antigo Réxime ao estado liberal. A poboación medraba, os cultivos eran abundantes, todo semellaba funcionar perfectamente. Porén, non todo dura para sempre, e cara aos anos 30-40 tivo lugar unha profunda crise, que levou á poboación á emigración, o que contribuíu á perda do noso idioma. Galiza perdeu tamén parte do seu territorio en favor de Castela e Asturias por mor das políticas centralistas. Das sete provincias que tiñamos pasamos a ter soamente catro, e xurdiron movementos denominados *provincialistas* que criticaban á raíña Isabel II e ás persoas que rexían o trono ata que ela fose maior de idade como para gobernar.

Mais regresemos a Xoán Manuel Pintos, escritor que se conta entre os precursores do Rexurdimento, é dicir, xusto do período anterior ao de Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal, no que o galego volveu a ser empregado en ámbitos nos que fora substituído polo castelán. Xoán Manuel Pintos escribiu case exclusivamente en galego, algo peculiar para a súa época, e traballou na súa defensa.

Entre a súa obra podemos atopar *A gaita gallega tocada polo gaiteiro, ou sea Carta de Cristus para ir deprendendo a ler, escribir e falar ben a lengua gallega, e aínda máis* (1953). Aínda que moitas veces se ten clasificado como poesía, este libro conta sete foliadas nas que a gaita, o gaiteiro galego e un tamborileiro de fóra de Galiza (castelanfalante) dialogan sobre o idioma. Así, o autor establece unha loita contra os prexuízos mesturando latín, castelán e galego. Podemos ler:

> Es criminal desidia en los gallegos
> No dedicarse a recojer su idioma
> Que bien merece algun estudio serio.

Tamén mostra os problemas sociais de Galiza no momento, como era a fame:

> Deitouse a fame ó longo nos sembrados
> enriba dos centeos, trigos, millos

CASTELAO

(Avanzamos cara ao sexto edificio do Museo de Pontevedra)

Se imos ata finais do século XIX, comezos do XX, atoparemos ao coñecido Castelao. Ou quizais deberiamos dicir Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao. Nesta época sucederíanse acontecementos tan importantes como a formación da Segunda República, na que o autor do que estamos a falar chegou a ser deputado. Máis tarde, co golpe de Estado e a imposición da ditadura franquista, tivo que emigrar. Foi unha etapa moi dura para Galiza, de represión e falta de liberdades; o que contribuíu na perda de falantes do noso idioma, e no traslado da atividade cultural para o exilio. As persoas contrarias ao réxime que non foran ao exilio, foron asasinadas (como no caso de Alexandre Bóveda, grande amigo de Castelao ao que adicaría o cadro *A derradeira lección do mestre*) ou obrigadas a permanecer en silencio, ocultas, sen alzar a voz.

Antes que digades nada, sei que Castelao nacera en Rianxo; mais quería tanto a Pontevedra e viviu tantos anos aquí (20 en concreto) que podemos consideralo un pontevedrés adoptivo. Der feito, no museo de Pontevedra atopamos gran parte da súa obra, que vos animo vaiades visitar. Desde estampas ata caricaturas, pasando por enormes pinturas de cegos. Porén, isto non foi o único que Castelao fixo.

Estando no exilio, en Buenos Aires (1941), estreou a súa famosa peza teatral *Os vellos non deben de namorarse*. Considerada unha das obras cumio da nosa literatura, mesturaba elementos populares e vangardistas e contiña a famosa canción *Lela* (pódese buscar algunha versión en internet):

Nela, tres vellos namoran de tres rapazas novas e acaban topando a morte. Nun epílogo atópanse no cemiterio, e desde alí falan do que fixeron e do que lles ocorreu aos vivos. O certo é que tanto o terceiro como parte do segundo lance foron escritos na nosa vila, segundo comentaba o seu propio autor.

Se entramos no museo, no segundo andar poderemos topar seis máscaras orixinais coas que se representou por primeira vez esta peza, feitas polo propio Castelao. Tamén podemos aproveitar para admirar os seus grandes cadros de cego, ou as súas caricaturas, ou mesmo as viñetas dos seus álbums reivindicativos.

BERNARDINO GRAÑA

(Imos ao carón da Ría de Pontevedra)

Unha das cousas que caracteriza á nosa provincia é o mar. Desde aquí podemos observar a ría. O autor do que falaremos agora está profundamente namorado do mar, e aínda hoxe vive nunha residencia en fronte del.

Xa a comezos/mediados do século XX naceu en Cangas do Morrazo Bernardino Graña. Foi un recoñecido autor poético, de narrativa... Mais tamén tivo algunha importante obra de teatro como *Vinte mil pesos crime* (1962), obra en cinco cadros. Nela incorporou á nosa literatura técnicas modernizadoras da Europa do momento, e reflectiu no seu argumento unha sociedade pechada ao exterior.

Nesta época o teatro tivo un pulo moi importante grazas á Mostra de Teatro de Ribadavia, organizada pola asociación cultural Abrente e que aínda continúa a celebrarse nos nosos días. Nela convocábase tamén un premio: o Premio Abrente de Ribadavia para obras teatrais, que Bernardino gañou no ano 1979.

De todos os xeitos, polo que é máis coñecido é pola súa poesía, que lle valeu o título de "poeta do mar". Para el o mar tivo un valor fundamental. As primeiras historias que escoitou foi na tenda-tasca da súa madriña, á que se achegaban moitos mariñeiros. Tamén acostumaba a pescar nunha gamela co seu tío, polo que dende pequeno adquiriu un gran dominio do léxico mariñeiro. No seu Poema do home que quixo vivir (1958) escribe:

O vento díxome cousas
O vento díxome cousas
Que non atopo nos libros.
Resoaba a súa voz no mundo
Igual que un soño perdido.

E o mar buscaba unha aperta,
Buscaba un peito ou un niño,
E non atopaba nada
Senón penedos espidos.

MIGALLAS TEATRO

(Na Ferraría)

Xa estamos a achegarnos á actualidade, e do que imos falar agora non é dunha autora ou autor, senón dunha compañía que aínda segue en activo e que xoga un papel fundamental para as nosas letras (tamén de Pontevedra). Estamos a falar, por suposto, de Migallas Teatro, formada en 1992 e que xa leva feitas máis de 1500 representacións dende aquela! Máis de 2500 crianzas teñen pasado polos seus obradoiros *Á procura do tesouro* no Pazo da Cultura de Pontevedra, e constitúen unha peza fundamental para a dinamización e o amor da rapazada cara ao teatro na nosa lingua.

Migallas realiza un teatro accesible a todos os públicos, e seguramente as coñeceredes polas súas cancións en discos como Pan de millo ou Canta connosco. Podedes ver algunha delas premendo aquí. Este videoclip foi gravado precisamente aquí, na praza da Ferraría. Tamén realizan visitas culturais teatralizadas pola nosa vila, e foron as que crearon e escenificaron o espectáculo *Irmandiños* no 2004, así como a cerimonia de apertura da Feira Franca no 2002. Foi unha cerimonia especial por ser o primeiro pregón teatralizado, levado a cabo por 53 persoas (42 actores e actrices, 5 técnicos e 6 escenógrafos) das que 33 eran da parroquia de Xeve. Ata aquel momento a inauguración consistía soamente na lectura dun texto, pero Migallas introduciu unha tradición que perdura ata os nosos días.

En canto ás súas pezas teatrais, unha das máis coñecidas é *Un avó especial*. Está destinada a público familiar e trata a cuestión do alzheimer desde un enfoque positivo, con toques de humor e reivindicando a sabedoría popular.

O labor de Migallas neste último aspecto é moi importante, xa que contan cunha páxina (A Orella Pendella) na que recollen ditos e frases feitas de toda Galiza.

MARTA PAZOS

(No antigo colexio Los Cerezos)

Agora que xa chegamos a este punto, é hora de aclararmos unha cousa. O teatro non é algo que quedase no pasado, que teñamos que chapar porque alguén decidiu incluír nun libro de texto. Na actualidade temos creadoras e creadores de teatro galego, e non son poucas! Ademais, como quedou demostrado nos últimos anos, o teatro galego non só triunfa en Galiza; a creadora da que imos falar agora é un claro exemplo. Nin máis nin menos que Marta Pazos, nacida en Pontevedra en 1976. De feito, o lugar onde nos topamos, o antigo colexio privado "Los Cerezos", trátase do primeiro centro onde a creadora asistiu a clase. É alguén de carne e óso, que hoxe en día crea contido, que representa obras e á que podemos atopar en redes ou chegar a coñecer en persoa.

Ela dirixe a compañía Voadora, e o seu estilo fundaméntase nunha estética moi visual e plástica, cun papel esencial da música e unha constante innovación. Dirixiu obras para o Centro Dramático Galego, o Teatro Real, o Centro Dramático Nacional... E, como Bernardino Graña, tamén acadou un premio na mostra de teatro de Ribadavia.

Se facemos unha pesquisa polo YouTube, podemos atopar varias pezas levadas a cabo por Voadora de acceso completamente gratuíto. Entre elas, maioritariamente en castelán, hai adaptacións de clásicos como o Don Juan ou diversas obras de Shakespeare.

Entre as súas pezas en galego destaca *A amnesia de Clío*, primeira gran ópera en galego, que foi retransmitida na TVG durante o confinamento. Nela participou a Real Filharmonía de Galicia, o Orfeón Terra A Nosa e un monte de actrices, actores, técnicas, técnicos, bailaríns... Pode verse nesta ligazón.

VALLE INCLÁN E FEDERICO GARCÍA LORCA

(na estatua de Valle Inclán)

Chegades a este punto do roteiro, no que xa fixemos un percorrido ao longo da historia do teatro en galego mediante autoras, autores e compañías de Pontevedra cidade (ou da provincia no caso de Bernardino Graña), non podiamos quedar sen citar outro autor, que non escribiu en galego mais levou a cabo unha importante obra.

Naceu en Vilanova de Arousa en 1866, e aquí o temos hoxe connosco, ou polo menos a súa estatua. A súa figura foi recoñecida pola creación do "esperpento", un xénero que consistía na representación de realidades incómodas, sórdidas, desagradábeis, para establecer con elas unha crítica social. Aínda que non escribiu as súas pezas teatrais en galego, si que aparecen con nomes, ditos, lugares, costumes... galegos. E algunha das máis importantes foi *Divinas Palabras* (1919), na que se trata a deshumanización das persoas "discapacitadas" ou "con capacidades diversas".

E para rematar, farémolo cunha curiosidade. E é que Federico García Lorca, importante escritor e dramaturgo en castelán, chegou a estar en Pontevedra. Non só iso, senón que ten publicados na nosa lingua os Seis poemas gallegos. Na nosa cidade estivo con La Barraca, unha compañía

teatral que xirou por todo o Estado Español e levou o teatro clásico ás zonas con menos actividade cultural durante a Segunda República.

Despois de todo isto, e xa para finalizarmos o roteiro, podemos concluír que a nosa boa vila é ben máis teatreira do que normalmente pensamos. Somos semente de teatro, entre nós hai dramaturgas, actrices, escenógrafas... Tan só hai que saber miralas. Quen sabe, igual ti mesma, que estás a ler isto, es a próxima escritora teatral de éxito. Se é ese o caso, déixote aquí para que poidas marchar a traballar na túa obra mestra. Igual se volvemos toparnos noutro roteiro teño que rematar falando de ti...

Zona do Burgo

Edificio Sexto do Museo de Pontevedra



Ría de Pontevedra

Ferraría

Zona do Colexio "Los Cerezos"

Estatua de Valle Inclán

ÁMBITO DOCENTE:

O Decreto 86/2015, de 25 de Xuño, polo que se establece o currículo da ESO e Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, trata no seu artigo 4º os elementos transversais, é dicir, os elementos que se traballarán en todas as áreas, sen prexuizo do seu tratamento específico. Este artigo cita numerosos elementos transversais, entre eles a compresión lectora (CL); a expresión oral e escrita (EOE), a comunicación audiovisual (CA); as tecnoloxías da información e a comunicación, (TIC); a educación cívica e constitucional (ECC); a igualdade efectiva entre homes e mulleres (GX) e a prevención da violencia de xénero (PVX), establecendo que "se evitarán comportamentos e contidos sexistas e os estereotipos que supoñan unha discriminación por razón de orientación sexual ou da identidade de xénero"; a igualdade de trato e non discriminación (IG); a resolución pacífica de conflitos (RPC) ou a educación en valores (VAL). Esta proposta didáctica responde a estes coñecementos transversais.

Asemade, resaltamos o grupo de obxectivos xerais que coidamos poden ser obxecto de traballo a partir desta sesión de aula:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

A proposta de roteiro está indicada para calquera grupo de ensino secundario ou de bacharelato. De xeito particular coidamos que o interés principal reside nos centros de estudo da cidade de Pontevedra, mais pode ser empregado por calquera outro centro xa que a temática transversal tratada a través do roteiro está relacionada coa educación integral do alumnado galego.

Tendo en conta a proposta de roteiro ou saída pola cidade, tamén se pode adaptar en conxunto para algunha actividade complementaria de Primaria, sobre todo dos últimos cursos. Recomendamos, porén, o emprego da unidade didáctica para traballar desde as titorías datas senlleiras relacionadas coa cidade, os hábitos de vida saudables que poden ser compartidos coa aprendizaxe e goce cultural e, por suposto, co festexo do Día do teatro (27 de marzo).

PROPOSTAS DIDÁCTICAS:

ACTIVIDADE 1

1- Visualizaremos a primeira escena do segundo lance de *Os vellos non deben de namorarse*, do minuto 33 ao 39 nesta ligazón. Despois responderemos as seguintes cuestións:

- Que personaxes aparecen en escena?

- Que é o que está a ocorrer en escena, quen é o vello protagonista deste lance?

- Se lembramos ben, en cada un dos lances desta obra había un vello protagonista que namoraba dunha moza nova e acababa topando a morte. Xa sabemos quen é o vello, mais a moza non aparece. Inventaremos unha moza para este vello, mediante unha descrición, un debuxo... ao noso xeito. Como iría vestida? Como falaría? Como se chamaría? Traballaría? Estaría namorada doutra persoa? Como sería o seu cabelo? Que lle gustaría facer no seu tempo libre?

- A partir da invención deste novo personaxe crearemos unha escena co vello, como se coñecen, ou quizais como ela o rexeita. Atrevédesvos a representala?

- Para rematar podemos visualizar algunha escena máis dentro do mesmo vídeo, para descubrir como era a moza que Castelao imaxinou. Se temos tempo, podemos rematar visualizando a obra ao completo ou, polo menos, o segundo lance.

ACTIVIDADE 2

2- Agora pasaremos de Castelao a algo máis actual, Migallas Teatro. Se lembramos o que acabamos de aprender, esta compañía tiña uns obradoiros polos que pasaron máis de 2500 crianzas. Para comezarmos visualizaremos unha pequena homenaxe que algunhas fixeron ao autor que acabamos de tratar.

- Que elementos da obra de Castelao recoñecemos no vídeo?

- Migallas Teatro son unha compañía moi recoñecida pola súa música, e teñen cancións como o *Rap da lingua*, que di así:

Que falemos en galego
É unha cousa natural
Como a chuvia no inverno
E a calore no verán

En galego! Xa! Si!
En galego! Xa! Si!

Aínda hai pais que non lles falan
Aos seus fillos en galego
Porque pensan que é unha
lingua
Para pobres e paletos

En galego! Xa! Si!
En galego! Xa! Si!

Atrevédesvos a inventar dúas estrofas máis?

- Agora vén o máis difícil, xa que é un rap por que non tentamos rapealo? Para facer a base podedes servirvos dunha en internet, ou se vos atrevedes, facédea con algún instrumento, coa voz... sentídevos libres creativamente!

- Despois de facerdes a vosa interpretación, visualizade a versión orixinal.

- Migallas Teatro tamén teñen unha páxina con ditos e refráns populares. Pensade nalgúns das vosas zonas e buscádeos.

- Na mesma páxina toparedes unha sección de trabalinguas. Repartídevos en grupos, e que alguén se encargue de distribuír distintos trabalinguas. A ver quen remata primeiro de memorizar o seu e é capaz de repetilo tres veces en alto sen trabucarse.

A vila imaxinada é un proxecto de creación de material de apoio á docencia desde a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega que se adecúa aos estándares de aprendizaxe da lei educativa vixente e propón alternativas para conseguir os obxectivos de etapa do alumnado do noso sistema educativo en coordinación coa realidade galega na que se atopan. Dentro desta proposta global atopamos A Pontevedra imaxinada coma concreción en torno a unha cidade.

A Pontevedra imaxinada oferta outro xeito de mirar a cidade de Pontevedra da man de creadoras e creadores que alicerzan o pensamento nas letras dotan de significados, ás veces descoñecidos, ás rúas que camiñanos mo día a día.

Esta achega de Nee Barros ademais, explora elementos transversais do currículo como a igualdade, a posta en valor do patrimonio cultural, a presenza de mulleres dramaturgas, a importancia do teatro e da cultura ou a iniciativa persoal e creativa de cada un de nós e pode ser empregada tanto na materia de lingua galega e literatura como na titoría ou como actividade complementaria e complementada cunha saída pola cidade en compañía dos docentes que desexen levala a cabo.

Se algún de vós a realiza deste xeito e quere documentala ou elaborar un proxecto arredor da nosa proposta estaríamos encantados de saber dela. Para este fin podedes empregar o correo da nosa oficina:

oficina@aelg.org

Como temáticas principais da proposta didáctica resaltamos: teatro, historia de Pontevedra, o teatro da cidade, dramaturxia, igualdade, Castelao, respecto, diversidade, pensamento crítico, desenvolvemento e crecemento persoal, oralidade, debate, memoria histórica, historia do teatro, a cultura galega e xs creadorxs galegxs presentes no mundo.

asociación de escritoras escritores en lingua galega
www.aelg.gal

A Pontevedra imaxinada é un proxecto da AELG creado co amparo do Concello de Pontevedra.

Proposta didáctica: Nee Barros
Coordinación: Anna R. Figueiredo
Ilustración de capa: Luz Beloso
Maquetación e produción audiovisual: Beatriz Pereira